

RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2023, pola que se aproba e fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas do proceso para cubrir, polo sistema de libre acceso, as prazas de persoal investigador empregado no marco extraordinario de estabilización de emprego temporal.

Mediante a Resolución reitoral do 7 de decembro de 2022 (DOG do 21 de decembro de 2022 e BOE do 6 de febreiro de 2023), convócanse probas selectivas para cubrir, polo sistema de libre acceso, as prazas de persoal investigador contratado no marco da estabilización extraordinaria do emprego temporal.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, foi declarada aprobada e fíxose pública a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas pola quenda de acceso libre.

RESOLVO:

Primeira. Declarar aprobados e facer pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ás citadas probas para a quenda de acceso libre.

Segundo. Indicar que a citada relación definitiva está exposta no taboleiro electrónico da USC e na web: <http://imaisd.usc.es/seccion.asp?i=gl&s=-2-26-128-364>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de anuncios da USC. de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, aprobada pola Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que ditou a resolución. Neste caso, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente sinalado mentres non exista resolución expresa ou presunta do recurso contencioso-administrativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, 18 abril de 2023

Antonio López Díaz

Rector de la Universidad de Santiago de Compostela

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
19/04/2023 10:04:42.

**CSV:** 6B6F-D7B2-4D3C-BD91